

Parece que a existencia de Deus non é demostrábel.

1. Pois que Deus existe é un artigo de fe. Pero os artigos de fe non son demostrábeis, porque a demostración fai saber, en cambio a fe trata do que non se mostra, como aparece claro no Apóstolo, na carta aos Hebreos. Polo tanto, que Deus existe non se pode demostrar.

(...) Respondo dicindo que en canto ao primeiro [punto 1.], por tanto, hai que dicir que a existencia de Deus, e outras verdades da mesma natureza que podemos coñecer acerca de Deus pola razón natural, como se afirma na carta aos Romanos, 1, 19, non son artigos de fe, senón preámbulos aos artigos; así pois, a fe presupón o coñecemento natural, como a gracia [presupón] a natureza, e a perfección o perfectíbel. Sen embargo, nada impide que aquilo que de seu é demostrábel e cognoscíbel sexa aceptado por fe, porque non se entenda a demostración.

(Tomé de Aquino. Suma Teolóxica).

Cuestións texto:

1. ¿Que tese critica Tomé de Aquino?, ¿cal é o punto de vista que é rebatido no texto?
2. ¿A existencia de Deus é demostrábel?, ¿que clase de verdade constitúe a afirmación “Deus existe”?, ¿en que consiste ese tipo de verdade?
3. ¿Que se poidan demostrar certas verdades reveladas implica que xa non é posible admitilas simplemente en base ás crenzas de fe?